



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



Xacobeo 2021

galicia

“PROGRAMA DE ACOLLIDA”.

CURSO 2020-2021



IES de Sabón

Introdución.

Seguindo as **instrucións do 30 de xullo de 2020**, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas que se deben adoptar no **curso académico 2020/2021**, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, no punto segundo, co fin de facilitar a incorporación do alumnado afectado pola suspensión da actividade lectiva presencial durante o curso 2019/2020, o equipo directivo elaborará un Programa de acollida.

Dende o IES de Sabón consideramos que, a **incorporación** ao centro educativo, despois da suspensión da actividade presencial dende o 13 de marzo supón, para o alumnado unha nova adaptación, **e non só adaptación física**, dadas as diferencias que se van atopar na organización do centro, **senón tamén unha adaptación emocional e social**, na cal debe primar o seu benestar emocional para que se poidan desenvolver as aprendizaxes académicas axeitadamente.

Durante todo o curso académico, pero sobre todo **durante as dúas primeiras semanas** de curso, traballaremos prestando gran atención a estes aspectos para lograr unha adaptación real a un contexto tan complexo coma o actual.

Os encargados deste traballo serán **todo o conxunto de profesionais** que están no centro, cada un deles con funcións diferenciadas pero có mesmo obxectivo.

O **equipo directivo** encargárase de realizar este programa de acollida e mesmo de ofrecer una primeira benvida ao centro para o alumnado, especialmente cós grupos de primeiro, que chegan ao centro neste curso.

Os **titores e titoras** liderarán a acollida e explicación tanto do Plan de adaptación coma das accións formativas a realizar con todos e cada un dos grupos.

O **profesorado** en xeral buscará as estratexias para abordar dende as súas materias ou módulos, dun xeito transversal, os temas relacionados coa Educación para a saúde ou a Prevención e hixiene no contexto sanitario actual.

O **Departamento de orientación** guiará as accións máis directamente relacionadas co traballo dos aspectos emocionais e sociais.

O **equipo Covid** recollerá a información resultante da aplicación deste programa de acollida, valorando finalmente os resultados da súa implementación e mesmo posibles adaptacións o reforzos nas actividades propostas.

O **equipo TIC** colaborará na formación tanto do profesorado coma do alumnado sobre as ferramentas dixitais, que tan importantes resultaron o curso pasado e que poden ser imprescindibles neste curso tamén.



A) Novas normas de organización.

As **NOFC** do centro **seguen vixentes** neste curso académico. Aínda así, o COVID-19 impuxo medidas que debemos cumprir no día a día e que se deben adaptar ao centro seguindo o Plan de adaptación ao contexto da COVID-19 para o curso 2020-21, as cales se basean na modificación de entradas, aforos, xeitos de convivir, hixiene... **no IES de Sabón establecemos as seguintes adaptacións necesarias:**

ENTRADA AO CENTRO:

- Cada edificio terá **unha porta de so entrada e unha porta de so saída**.
- Na **entrada** aos edificios será **obrigatoria** a hixienización de mans có dispensador de **xel hidroalcohólico**.
- A **entrada** ao recinto será **directa cara á aula** de cada grupo e mesmo será **directa a saída cara ao exterior**, sen formar agrupacións no patio.
- Existirá **profesorado encargado** de coordinar os momentos de entradas e saídas do centro.

ENTRADA NAS AULAS:

- Cada aula está equipada coa **dotación hixiénica** prevista (dosificador de xel hidroalcohólico, panos desbotables e papeleira con tapa). Será **necesaria** a **hixiene de mans** na entrada á aula.
- Dentro da aula **se minimizarán os desprazamentos**, colocando **mochila e chaqueta no posto escolar** de cada alumno/a.
- Os **talleres** ou aulas específicas terán **normas particulares** que o profesorado explicará con detalle na primeira sesión.
- **No caso de ter síntomas** no centro se separará do grupo ao alumno/a nun espazo de illamento (**Aula Covid**) para proceder a contactar cós responsables, que terán que comunicar co seu centro de saúde e seguir instrucións.

CAMBIOS DE AULA:

- Os **cambios de aula** se realizarán de xeito ordenado, **progresando sempre pola parte dereita**. Se deberá realizar **limpeza de mans antes de acceder** a cada aula.
- A **saída será ordenada e continua, de 1 en 1**, deixando a distancia de seguridade, seguindo a ruta deseñada para cada grupo e indo no sentido de marcha sinalado nos corredores.
- **Entrarase gardando a distancia** evitando que se formen agrupacións de alumnado durante a espera, **ventilarase a aula e o grupo entrante hixienizará pupitres** ou mesas e cadeiras. É importante que o **desinfectante se bote no pano** e non pulverizado directamente sobre as superficies.
- A clase que quede **baleira** quedará **ventilándose**.



ASEOS:

- Nos **aseos** se respectará o **aforo máximo** indicado.
- O emprego dos aseos será **polo tempo imprescindible** para facilitar o uso por todo o alumnado que o necesite.

RECREOS:

- Nos tempos de **recreo** manterase a **distancia de seguridade**, especialmente en situacións coma o consumo de alimentos ou bebidas, sen provocar grandes aglomeracións.
- Será preferible o emprego dos **espazos próximos á aula** de referencia do grupo.
- Como medida de hixiene persoal, aínda que en cada aula e zonas comúns existan dispensadores de xel, é **moi recomendable** que cada alumno/a leve un **pequeno bote de xel hidroalcohólico** (mellor pulverizador).

CIRCULACIÓN POLO RECINTO:

- Existirá **cartelería** informativa e sinais para informar dos **recorridos de circulación** no recinto. No caso dos tramos con dobre sentido, coma nos corredores, sempre se **avanzará pola dereita**.

USO DA MASCARILLA:

- Será **obligatorio o uso da máscara durante todo o horario lectivo** en todos os espazos escolares, sexan abertos ou pechados, aínda que se cumpra coa distancia de seguridade.
- Será obriga do alumnado levar unha **segunda máscara de recambio**, así **como un estoxo** específico para gardala.
- O **incumprimento do uso da máscara** e o incumprimento das instrucións do profesorado en aplicación do presente protocolo terá consideración de **conduta leve contraria á convivencia**, segundo establecido no Decreto 8/2015 (Lei 4/2011 de convivencia), polo que a súa **reiteración** pode supoñer a consideración de **conduta grave**.

COMUNICACIÓNS E FAMILIAS:

- **AbalarMobil** é a aplicación que o centro empregará para as comunicacións co alumnado e familias, polo que será imprescindible a súa **activación ao inicio** de curso.
- Ante unha **falta de asistencia**, se é por sintomatoloxía deberá ser comunicada ao titor/a.
- No caso dun **positivo**, o alumno/a ou a familia **deberá comunicalo** por teléfono ou correo ao Equipo Covid do centro para proceder coas medidas oportunas.
- As **titorías** realizaranse preferentemente por **medios telemáticos**.
- Toda a **información** relativa ao Plan de adaptación está na **Web do centro**.





TRÁMITES ADMINISTRATIVOS E VISITAS:

- Para a realización de trámites administrativos (solicitud de certificados, documentación, etc) se atenderá na xanela de administración (horario de atención ao público 9 a 14 h).
- Será preferible a realización de solicitudes de documentación a través do mail do centro → ies.sabon.artexio@edu.xunta.gal . Cando a documentación a entregar o permita remitirse resposta co documento dixitalizado.
- Tamén se poderá atender no teléfono 881 960137 /881 960140.

PROCEDEMENTO ANTE A SINTOMATOLOÍA COVID-19:

- No caso de aparecer no centro sintomatoloxía compatible coa COVID-19 nun alumno/a, o/a **docente** que está na clase con el/ela, **será o encargado baixar** co alumno/a e **avisar ao profesorado de garda** para facerse cargo da súa clase. O docente **encargarase de illar** ao/á alumno/a, comprobará a febre e avisará á familia, no caso de que sexa preciso. Avisarase á persoa subalterna que informará ao equipo covid en caso necesario, que actuará en base ás instrucións do centro de saúde. Unha vez valorada a situación o docente poderá regresar á aula e o profesor de garda continuará có procedemento ata a recollida da familia.
- Diante dun suposto no alumnado, que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 **levarase á zona de illamento**, colocárselle unha **máscara** cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa **familia**. A persoa ou o seu **titor legal deberán chamar ao seu centro de saúde** de Atención Primaria para solicitar consulta, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou **dificultade respiratoria** chamarase ao **061**.
- O/A **traballador/a** que inicie síntomas debe **abandonar o centro** protexido por máscara cirúrxica, e logo de **seguir as instrucións do centro de saúde** ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario. De confirmarse o positivo, o equipo Covid do centro escolar comunicarao ao equipo Covid-escola do centro de saúde de referencia.
- O **profesorado e persoal non docente** que amose **na casa sintomatoloxía** compatible coa COVID19 **avisará a un membro do equipo COVID** coa maior brevidade posible a través dos teléfonos do centro ou ben dos teléfonos do equipo COVID, os cales serán facilitados a todo o persoal do centro. As comunicacións tamén poderán ser no correo electrónico do centro.
- Tanto o **alumnado como o persoal** docente e non docente ten a **obriga** de realizar a **enquisa** que se amosa no **ANEXO I antes de acudir ao centro educativo** e no caso de presentar algún dos síntomas avisar ao centro e ao centro de saúde. Diante da aparición de polo menos **un dos síntomas** que aparece na enquisa os proxenitores ou titores non enviarán ao alumno/a á clase e solicitarán **consulta no seu médico** ou pediatra. A enquisa non ten que comunicarse aos centros, senón que deberanse adoptar as medidas oportunas en función do resultado da auto avaliación e comunicar ao centro a ausencia (tanto persoal do centro como alumnos/as). Se os avisos se fan por correo electrónico prégase que se indique no asunto: COVID-19.





B) Actuacións de prevención, hixiene e protección.

As actuacións de prevención, hixiene e protección foron descritas no punto anterior para cada caso concreto.

- As máis destacada serían as seguintes:
 - Obrigatoriedade do uso da **máscara** por parte do **profesorado** e persoal non docente.
 - Obrigatoriedade do uso da **máscara** por parte do **alumnado**.
 - Cando o alumnado acceda ao centro educativo ou á súa aula terá que pasar antes polo dispensador de **xel hidroalcolóxico**.
 - Cada vez que entre nun novo espazo terá que **desinfectar as mans** con xel hicroalcohólico.
 - Por parte dos **docentes informarase ao alumnado** da importancia de manter unha correcta hixiene, protección e hábitos ante a situación que estamos vivindo.
 - Polo centro educativo hai colocados **carteis para a formación e concienciación** destes hábitos.
 - Debe manterse un **compromiso por parte das familias e do profesorado** de facer a auto enquisa que se amosa no anexo I do Plan de adaptación ao COVID-19.
 - **Non asistirán** ao centro educativo aqueles alumnos/as, docentes e outros profesionais que **teñan síntomas compatibles** con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.
- O **titor/a do grupo** realizará dende o primeiro día a presentación do centro prestando especial atención este curso a:
 - **Plan de adaptación ao Covid-19** → explicará os aspectos clave empregando o propio Plan ou documentos concretos coma o *Anexo XV “Resumo do Plan de adaptación para alumnado e familias”*.
 - **Formación específica sobre prevención, hixiene e protección** → empregando o documento que figura coma **anexo I** deste Programa de acollida.
- O **profesorado**, especialmente durante o primeiro mes, reforzará **de forma transversal** en cada materia ou módulo formativo os contidos contribuíndo así a unha educación sanitaria, para tentar sensibilizar ao máximo ao alumnado sobre a importancia de cumprir con todas as normas e praxes a levar a cabo para combater contra o virus COVID_19. Non podemos esquecer que o **modelo exemplar na conduta do profesorado** en relación a estes aspectos será clave na adquisición de hábitos polo alumnado.
- O **centro** fomentará a participación en **programas específicos sobre saúde e alimentación** dentro do **Plan Proxecta**.
- O **equipo Covid** colaborará co material necesario para a formación do alumnado.



C) Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.

- Seguindo o Protocolo de adaptación ao contexto da Covid 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-21 no mes de setembro os/as **titores/as identificarán ao alumnado** que, por mor da **falta de recursos ou de conexión** no seu fogar, puidera perder o acceso á educación telemática no caso de ensino a distancia, e o notificarán ao equipo directivo.
- **Dende o centro** se fomentará a participación do profesorado tanto na **formación específica do CFR** sobre **ferramentas dixitais** coma na continuidade do PFPP (Plan de Formación Permanente do Profesorado).
- No mes de setembro **haberá aulas virtuais** creadas **para grupo** de alumnos/as.
- Nas primeiras semanas de clase **cada docente** explicará ao alumnado como acceder ao espazo onde van seguir a formación online, no caso de habela.
- Os **titores/as realizarán a formación no emprego de ferramentas dixitais**, confirmando de xeito práctico a posibilidade de empregar có alumnado as seguintes:
 - *Aula Virtual do centro (Moodle) → matriculación no curso correspondente e manexo da aplicación.*
 - *Plataforma Webex → práctica dende o propio centro.*
 - *Correo electrónico. → contacto e comprobación.*
 - *AbalarMobil → práctica e comprobación de alta.*
- Dende o **equipo TIC** se prestará todo o **apoio necesario** a titores/as e resto do profesorado para a formación do alumnado nas ferramentas dixitais.



D) Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.

Como ben dicíamos na introdución este aspecto é fundamental para o alumnado e para o profesorado para crear vínculos sociais e afectivos co seu alumnado.

O **departamento de orientación** colaborará activamente na xestión dos aspectos emocionais, prestando os seus recursos tanto persoais como materiais. Neste sentido o departamento de orientación realizará ao inicio de curso unha **xuntanza cós titores e titoras** para **establecer un calendario de actividades específicas** con cada grupo nas que participará fundamentalmente a titoría e o propio departamento.

Tras as sesións de traballo cos diferentes grupos o Departamento de orientación achegará unha **serie de conclusións** destacando as situacións que considere de maior relevancia.



ANEXO I: *Formación en prevención, hixiene e protección*

Prezados titores/ as, profesores/ as e demais persoal do centro educativo,

Antes de nada, agradecer o esforzo que estades a demostrar, así como o compromiso profesional de abordar un curso tan especial como o que se nos presenta. Será unha ardua tarefa, pero co traballo en equipo o imos conseguir.

A continuación, presentamos uns bloques de contidos formativos, acompañados duns videotutoriais para que poidades visualizar. Estes contidos, ademais serán os que **cada titor/a** utilizará **como soporte de información na aula o primeiro día de aula** como instrución de educación sanitaria ao alumnado do grupo.

O resto do profesorado, durante o primeiro mes, reforzará **de forma transversal** en cada materia ou módulo formativo os contidos contribuíndo así a unha educación sanitaria, para tentar sensibilizar ao máximo ao alumnado sobre a importancia de cumprir con todas as normas e praxes a levar a cabo para combater contra o virus COVID_19.

Bloque de contidos:

Enlace video formación contidos bloque_1 <https://www.youtube.com/watch?v=FhB74X1k0yA>

Enlace video formación contidos bloque_2 → <https://youtu.be/tf9HsrBXZJo>

Enlace video formación contidos bloque_3 → <https://youtu.be/wSVzFyFEIRo?t=2>

Enlace video formación contidos bloque_4 → <https://youtu.be/wLODKnOsV6c?t=2>

RECURSOS PARA AS FAMILIAS

→ <https://www.paho.org/es/recursos-sobre-covid-19-para-padres-ninos>

VIDEO HIXIENE DE MÁNS

→ <https://femora.sergas.es/Seguridade/Video-5-EPI>

Nota: achégase a este documento via mail os arquivos teóricos en soporte dixital relacionados a cada videotutorial. Tamén estará dispoñible a información na Web do centro dende o comezo de curso.

Para calquera dúbida ,contactade con algún membro do equipo covid do centro educativo.

